

Normativa de horarios docentes Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

(Aprobado en Xunta de Facultade do 22 de febreiro de 2011)

O Artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, establece que é función das Xuntas de Centro a preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias e a distribución de aulas.

Na súa virtude, esta normativa ten por obxecto o establecemento dos criterios xerais e o procedemento a seguir para a fixación de horarios docentes para cada curso académico na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta normativa é aplicable ás titulacións de grao impartidas na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Nas titulacións de Mestrado Universitario (posgrao) impartidas na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo o establecemento de horarios docentes é responsabilidade das correspondentes comisións académicas de cada Mestrado. Co fin de lograr unha eficiente e operativa distribución dos espazos do Centro, o Decanato da Facultade, en coordinación coas correspondentes comisións académicas, asignará as aulas de docencia para as titulacións de Mestrado Universitario.

PRINCIPIOS XERAIS

- O período de docencia decorrerá entre as 8:00 horas e as 21:30 horas, de luns a venres. Procurarase, na medida do posible, que a docencia de cada grupo se concentre só en xornada de mañá ou só en xornada de tarde.
- Procurarase que non haxa "horas libres" no transcurso dos horarios dos diferentes grupos.

- Priorizaranse, na fixación de horarios, as materias de formación básica e obrigatorias sobre as optativas, favorecendo, na medida do posible, que o alumnado poda cursar materias optativas.
- Para aquelas materias con máis de 2 horas de docencia á semana é recomendable que esta se asigne en diferentes bloques de duración non superior a dúas horas cada un deles.
- Concentrarase a docencia de grupos grandes e grupos medianos en 4 días da semana (luns a xoves ou martes a venres). Neses días, procurarase concentrar separadamente a docencia de grupos grandes e a docencia de grupos medianos. No día restante da semana (luns ou venres) concentrarase toda a docencia dos grupos pequenos.
- Unha vez fixados os horarios definitivos non será posible a súa modificación excepto causas profundamente xustificadas, e suxeito á aprobación da Comisión Permanente ou Xunta de Facultade.

PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DE HORARIOS

O procedemento para a elaboración de horarios para cada curso académico será o seguinte:

1. Decanato definirá os criterios específicos de establecemento de horarios e elaborará unha proposta de horarios, procurando a mellor ordenación da docencia desde un punto de vista pedagóxico, así como a optimización no uso dos espazos docentes do Centro. Esta proposta someterase a aprobación da Comisión Permanente da Facultade e, despois de aprobada, farase pública a través da lista de distribución da Facultade.
2. Unha vez aprobados os POD dos departamentos, realizarase unha reunión por cada curso académico coa finalidade de incorporar propostas de modificacións de horarios que sexan debidamente xustificadas, consensuadas entre o profesorado atinxido, e, ante todo, coherentes con esta normativa e cos criterios específicos de elaboración de horarios aprobados pola Comisión Permanente. A esta reunión asistirán representantes do Decanato e serán convocados os coordinadores e coordinadoras das materias do correspondente curso (que poderán delegar en algún outro docente) así como un representante do alumnado, designado pola Delegación de Alumnado.

Para aquelas materias nas que non asista á reunión o correspondente coordinador ou coordinadora, o seu horario fixarase por acordo dos asistentes.

3. Realizarase unha reunión da Xunta de Facultade para: avaliación das propostas que resulten das reunións previas por curso e aprobación definitiva de horarios de docencia do curso académico correspondente.